

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**Asunto:** *Regularización do cemiterio parroquial de San Xurxo de Artes. Expediente 2019/X999/001206.*

O Arzobispado de Santiago de Compostela, representado por Jesús Bello Mato, presentou neste concello en data 01/08/2019, núm. de rexistro de entrada 201999900001362, solicitude de regularización do cemiterio parroquial de San Xurxo de Artes, sito no lugar da Igrexa da parroquia de Artes; conforme á disposición adicional primeira do *Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia*.

Segundo a documentación achegada:

*O cemiterio existente no lugar da Igrexa da parroquia de Artes, sitúase na parcela con referencia catastral 002401800NH28d0001LZ, a cal ten unha superficie de 2.440 m<sup>2</sup>. Na memoria presentada descríbese o cemiterio cun total de 211 panteóns de 4 alturas e con cinceiro enterrado. Tamén conta con tumbas en terra arredor da igrexa. O cemiterio existente non dispón de aseos, sen embargo proxéctanse coa ampliación do cemiterio. Tampouco dispón de osario xeral. O proxecto de ampliación do cemiterio prevé a colocación de columbarios.*

Por providencia da Alcaldía de data 18/09/2019 autorizouse a iniciar a tramitación do expediente; polo que se somete a información pública por un prazo de 20 vinte días en cumprimento do artigo 83 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento técnico e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h

Carballo, 19 de setembro de 2019

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez